



CAMIÑO DO CORPIÑO



DESCRICIÓN DO ROTEIRO

Este roteiro nace dunha proposta dun grupo de veciños e veciñas da zona do Corpiño que quere dinamizar este lugar potenciando os moitos valores históricos, culturais e naturais que atesoura.

Avánzase como hipótese que algún peregrino puidera desviarse do Camiño de Santiago e optar por achegarse a cidade do apóstolo indo dende Prado ata o santuario do Corpiño e dende alí seguir por terras de Fontao e Carboeiro ata Ponte Ledesma, para continuar ata Compostela. Aínda que a hipótese apuntada tería que confirmarse con documentos que acreditasen este feito, dende logo este roteiro alternativo non cabe dúbida de que ten interese cultural e paisaxístico dabondo para facer por el un bonito percorrido.


Sí parece moi claro e acreditable que en Prado confluían cando menos tres camiños. Un vial central que iría dende Ourense a Santiago que sería a rota de peregrinación a Compostela pola Ponte Taboada. Outro camiño que viría dende o surleste por Vilatuxe procedente do Carballiño e o Ribeiro. E un terceiro que continuaría dende Prado cara o norte dirección Vila de Cruces con desviación cara a Ponte Ledesma. Multitude de casas levan nos dinteis datas de principios do século XIX, cousa que apunta a un desenvolvemento destes lugares nesa época.

Polo tanto, o roteiro que plantexamos, dende Liñares ata o Corpiño, iría por este último itinerario que podería ser usado por arrieiros, por romeiros do Corpiño, para transportar o mineral extraído de Fontao ou como vía de comunicación en xeral.

Pero ademáis este roteiro pode coincidir nalgún tramo cos dez quilómetros de camiño que percorreu a comitiva fúnebre do malogrado aviador Joaquín Loriga, dende Prado ata a igrexa de Losón. Conta Daniel González Alén no seu libro sobre o aviador Loriga, que todos se disputaban levar o ataúde aos ombros. Tras o cadáver ía a súa viúva e os seus familiares, segundo relatou un cronista da época, “todos a pie por calzadas, trochas y veredas”. A comitiva fúnebre foi de Prado a Losón, sendo nesta igrexa parroquial onde os restos de Loriga recibiron sepultura a carón dos seus antepasados, colocándose unha placa de bronce na súa tumba. Posteriormente os seus restos mortais serían trasladados a Madrid.



MAPA DO PERCORRIDO



DATOS TÉCNICOS


Percorrido curto

- Distancia 12 quilómetros
- Dificultade baixa
- Duración 3 horas (9:30 a 12:30)
- Percorrido: Pazo de Liñares, devesa de Liñares, A Borralla, Vilar do Río, Noceda de Abaixo, Noceda, Madriñán, Anzo.

Percorrido longo:

- Distancia 18 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 4 horas e media (9:30 a 14:00)
- Percorrido: Pazo de Liñares, devesa de Liñares, A Borralla, Vilar do Río, Noceda de Abaixo, Noceda, Madriñán, Anzo, Brenzos de Abaixo, Losón, Corpiño.

ALTIMETRÍA



TRACK GPS

<http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=15427455>


1. PAZO DE LIÑARES



O pazo de Liñares foi adquirido polo Concello de Lalín no ano 2002. Posteriormente foi restaurado e en 2009 foi declarado ben de interese cultural. Actualmente acolle diversas actividades culturais. Esta casa fidalga remonta a súa orixe ao ano 1512. Foi a casa da familia Taboada. No século XVIII o matrimonio do dono de Liñares, don Alonso Taboada Mosquera, coa sucesora da Casa de Brenzos, María Andrea Gil Taboada, aumentou a riqueza e posesións da casa de Liñares. O aviador Joaquín Loriga descende da familia Taboada e foi bautizado neste pazo.

"Os restos mortais do aviador Loriga foron levados a ombros pola veciñanza dende o Pazo de Liñares ata a igrexa de Santa Eulalia de Losón".

2. PRADO E VILAR DO RÍO



O roteiro, despois de partir do pazo, entra un anaco na devesa de Liñares, continúa polo lugar de A Borralla e pasa preto do muíño de Cuíña. Despois de atravesar unha carballeira, chegaremos ao lugar de Vilar do Río. Alí houbo unha fábrica de curtidos da que se conservan varios edificios. Cruzaremos o río de Lamas e pasaremos entre as casas do lugar, que teñen escudos e inscricións fundacionais que se remontan ao século XIX.

"Prado tiña feira os días 13 de cada mes e unha intensa actividade comercial"

3. NOCEDA



O roteiro pasa logo a Noceda. Despois de atravesar Noceda de Abaixo, chegamos a igrexa parroquial que conserva algúns elementos románicos. No interior, e nunha capela lateral gótica construída no 1670 están as sepulturas da casa de Golmar sita cerca do lugar, e o sepulcro de don Gonzalo Taboada e Ulloa coas súas armas, que aparecen tamén no exterior da capela, cunha inscrición na que manda "DZIR VNA MISA CADA SEMANA PARA SIENPRE". Tamén é interesante en Noceda o seu cruceiro e o castro.

"Noceda aparece mencionada nunha doazón ao mosteiro de Sobrado no ano 959, noutra ao mosteiro de Lalín no 1019 e nunha concordia entre o bispo de Lugo e os cabaleiros templarios do 1254".

4. MADRIÑÁN



Despois de Noceda entramos en Madriñán. O seu nome parece estar relacionado co San Adrao. Pasaremos pola casa do escribán, a igrexa e un fermoso cruceiro. Non moi lonxe quedan algúns restos do castro. Preto da taberna de Penalta cruzamos a estrada e pasaremos polas inmediacións do pazo de Anzuxao. Este pazo está recuperado e alberga nas súas edificacións unha queixería de gran calidade. O pazo de Anzuxao construíuse nos anos 1572 a 1574 e despois de varias herdanzas acabou pertencendo ao pazo de Cascaxide de Escuadro.

"A casa do escribán reflicte o gran poderío económico que tiveron os antigos notarios"


5. ANZO



Hai moitas cousas que ver na parroquia de Anzo. As grandes e antigas casas de labranza revelan o forte potencial agrogandeiro de Anzo ao longo da historia. Apenas quedan hoxe vestixios do que foi o castro de Anzo. Destaca a igrexa parroquial de estilo románico que é unha das que conserva máis elementos da súa estrutura primitiva do século XII. Tamén é importante a capela das Mercedes pola que seica pasaban os ofrecidos ao Corpiño. Un cruceiro espectacular e o pazo de Barrio tamén merecen ser citados e visitados.

"No ano 1019 a vila de "Anzio" figura nunha doazón ao Mosteiro de San Martiño de Lalín, xunto coa a igrexa de Sancta Tegla, que desapareceu sen deixar rastro".

6. SAN MARTIÑO E BRENZOS DE ABAIXO



Despois de Anzo o roteiro adéntrase na carballeira de Agrazán. Cruzaremos o rego de Busto onde escoitaremos o son da auga e poderemos ver unha pequena e fermosa ferverza. Os camiños conducirannos ata a aldea de San Martiño e logo a Brenzos. Nesta parte destacan os muíños especialmente o de Brenzos de Abaixo, unha fermosa obra de exeñería popular que merece ser conservada.

"O muíño de Brenzos de Abaixo é un dos muíños que ten unha maior caída de auga dende a canle ata o rodicio".

7. LOSÓN, IGREXA E CASTRO



Na parte final pasaremos polo castro e a igrexa de Losón. A igrexa, construída no ano 1166, é románica con reformas posteriores e conserva a ábside pentagonal con fiestras de arcos e capiteis ornamentados. Nesta igrexa repousan os restos mortais da familia propietaria do Pazo de Liñares. A ela foron conducidos tamén os restos do aviador Loriga, levado a ombros dende o pazo polos camiños da época.

"Na igrexa de Losón atópanse varios enterramentos dos señores do pazo de Liñares"

8. SANTUARIO DO CORPIÑO



A orixe do santuario do Corpiño só pode buscarse nas lendas transmitidas pola tradición oral. Nas ladeiras do Carrio vivía un eremita chamado Luisón, que a veciñanza o consideraba santo. Cando o eremita morreu, o seu corpo conservábase incorrupto na cabana onde vivía. Para honrar a súa memoria construíuse unha capela que popularmente foi coñecida polo Corpiño en alusión ao corpo incorrupto do eremita.

"Pasados moitos anos, acontece que uns pastores escapando dunha tronada manifestaron ver á Virxe co neno".

Bibliografía:

- “A Comarca do Deza”. Daniel González Alén y Armando Vázquez Crespo.
- “Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.
- “Pazos y moradas hidalgas de Deza”. César Gómez Buxán e Francisco Rubiá Alejos. Editado pola Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
- “Guía dos castros de Lalín”. Carmen Buxán. Editorial o trillón A.C. O Naranxo.
- “Os Castros de Lalín”. Antonio Presas García. Editado polo Seminario de Estudos de Deza.